

A condicionalidade e o medio ambiente

1. Introducción:

A reforma da PAC do ano 2003 introduce a obriga, a partir do ano 2005, de que os agricultores cumpran determinadas normas referentes ás boas condicións agrarias e medioambientais, ao medio ambiente, á saúde pública, zoonosidade e fitosanidade e ao benestar dos animais. O conxunto destas obrigas denomínase **condicionalidade**.

De seguido indícanse as **obrigas máis salientables** da condicionalidade que vostede ten que ter en conta na súa explotación con respecto ao medio ambiente.

2. Que debe facer vostede respecto a:

2.1. A protección das aves silvestres.

- Non se danarán os elementos estruturais do terreo (ribadas, marxes fluviais...).
- Non se empregarán produtos non biodegradables.
- Respetaranse as aves silvestres, os seus niños e os seus ovos, non perturbándoas durante o seu período reprodutivo.
- Non se practicará a caza durante a época de veda, nin se tererán aves cuxa caza e captura estea prohibida.
- Non se empregarán métodos de caza non selectivos (mallas, redes, etc.).

2.2. A protección das augas subterráneas.

- Non se verterán directamente os produtos fitosanitarios da lista I e, os da lista II soamente se verterán con autorización.
- Non se eliminarán ou almacenarán produtos dos contidos na lista I e II que poidan provocar un vertido indirecto ás augas subterráneas.

Lista I (familias e grupos de substancias)

- | |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| A. Compostos organoaloxenados e substancias que poidan orixinar compostos semellantes no medio acuático. |
| B. Compostos organofosforados. |
| C. Compostos orgánicos do estaño. |
| D. Substancias que posúan un poder cancerixeno, mutáxeno ou teratóxeno no medio acuático ou a través del. |
| E. Cadmio e compostos do cadmio. |
| F. Aceites minerais persistentes e hidrocarburos de orixe petrolreira. |
| G. Cianuros, substancias sintéticas persistentes que poidan flotar, permanecer en suspensión ou afundirse causando prexuízo a calquera utilización das augas. |

Lista II (familias e grupos de substancias)

- | |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| A. Os metaloides, metais e os seus compostos de: Cinc, Cobre, Níquel, Cromo, Chumbo, Selenio, Arsénico, Antimonio, Molibdeno, Titanio, Estaño, Bario, Berilio, Boro, Uranio, Vanadio, Cobalto, Talio, Teluro e Prata. |
| B. Biocidas e os seus derivados. |
| C. Substancias que teñan un efecto prexudicial no sabor e/ou olor das augas subterráneas, así como os compostos que poidan orixinar devanditas substancias nas augas, volvéndoas non aptas para o consumo humano. |
| D. Compostos orgánicos de silicio tóxicos ou persistentes e substancias que poidan orixinar devanditos compostos nas augas, salvo aqueles que sexan bioloxicamente inocuos ou que se transformen rapidamente na auga en substancias inocuas. |
| E. Compostos inorgánicos de fósforo elemental. |
| F. Fluoruros |
| G. Amoníaco e nitritos. |

Vertido directo: Introducción directa dunha substancia nas augas subterráneas (exemplo: votar estas substancias nun pozo).

Vertido indirecto: Introducción destas substancias nas augas subterráneas ao filtrarse a través do solo ou o subsolo.

2.3. O emprego de lodos de depuradora en agricultura.

Os agricultores que empreguen lodos de depuradora na agricultura deberán cumprir as condicións de almacenaxe e utilización, ademais de ter as autorizacións pertinentes.

2.4. Contaminación por nitratos.

Na actualidade na Comunidade autónoma de Galicia non existen zonas cualificadas como vulnerables, polo que non afectan as obrigas establecidas para estas zonas.

2.5. Conservación de hábitats naturais, fauna e flora silvestres.

- ⚠️ • Non se recollerán, cortarán, arrancarán ou destruírán plantas de especies protexidas.
- Non se posuirán, transportarán ou comercializarán especies vexetais protexidas.
- Non se empregarán métodos de captura ou morte non selectivos.
- ⚠️ • Non se introducirán especies ou razas distintas das autóctonas.



3. Lembre que:

No caso de que a Administración detecte que vostede non cumpríu algunha das obrigas da condicionalidade ou non colaborou coa inspección, as axudas da PAC que percibe pódense ver reducidas e, en casos extremos, incluso anuladas.

4. Información adicional:

No caso de necesitar máis información respecto á condicionalidade pode solicitala nos servizos provinciais de conservación da natureza da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

